Guía do acompañamento da muller e do contacto pel con pel na cesárea



XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia.
Consellería de Sanidade.
Servizo Galego de Saúde.
Dirección Xeral de
Asistencia Sanitaria.

Lugar: Santiago de
Compostela, abril 2024

Coordinación

Subdirección Xeral de Atención Primaria.
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Autoras/es

Natalia Alonso Martínez

Supervisora de partos. Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Mª Sinda Blanco Lobeiras

Subdirectora xeral de Atención Primaria.
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Raquel Couce López

Celadora. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.
Área Sanitaria de Ferrol.

Evaristo Iván De Vicente Díaz

Supervisor de partos. Hospital Álvaro Cunqueiro.
Área Sanitaria de Vigo.

José Luis Fernández Trisac

Xefe da Unidade de Neonatoloxía. Hospital Materno Infantil Teresa Herrera.
Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Diana Flórez Rodríguez

Enfermeira especialista en Pediatría. IBCLC.
Hospital Materno Infantil Teresa Herrera.
Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Ángela Luz García Caeiro

Médica. Técnica do Servizo de Atención Primaria. Subdirección Xeral de Atención Primaria. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Laura González Rodríguez

FEA de Xinecoloxía e Obstetricia.
Hospital Álvaro Cunqueiro.
Área Sanitaria de Vigo.

Mª José Iglesias Bello

Enfermeira de quirófano.
Hospital Álvaro Cunqueiro.
Área Sanitaria de Vigo.

Mª Dolores Martínez Romero

Matrona. Técnica do Servizo de Atención Primaria. Subdirección Xeral de Atención Primaria. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Rita Miniño González

Matrona de atención primaria. Centro de saúde de Ribeira.
Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Íñigo Mª Montesino Semper

Xefe do Servizo de Xinecoloxía e Obstetricia.
Hospital Público Virxe da Xunqueira.
Área Sanitaria da Coruña e Cee.

Esther Moreno López

FEA de Anestesioloxía, Reanimación e Terapia da Dor. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.
Área Sanitaria de Ferrol.

Eva Paredes Castro

Matrona. IBCLC. Hospital Público do Salnés.
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Jorge Peinó Andión

Xefe do Servizo de Admisión.
Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Patricia Peñas Silva

FEA de Xinecoloxía e Obstetricia. IBCLC. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Sandra Pérez Franco

Técnica en coidados auxiliares de enfermería.
Hospital Público da Mariña.
Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Mª Belén Piñeiro Bóveda

Responsable de humanización e atención ao paciente.
Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Mª Teresa Rey Liste

Médica de familia. Servizo de Atención Primaria. Subdirección Xeral de Atención Primaria. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Marina Varela Durán

Xefa do Servizo de Anestesioloxía, Reanimación e Terapia da Dor. Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Deseño, maquetación_
KRISSOLA DESEÑO, S.L.U.

Guía do acompañamento da muller e do contacto pel con pel na cesárea

XUNTA DE GALICIA

Guía do acompañamento da muller e do contacto pel con pel na cesárea

MODO DE NAVEGACIÓN

Un **clic no capítulo** do índice **enlaza coa páxina** correspondente

Un **clic** no pé de páxina enlaza co **índice**

ÍNDICE

Abreviaturas 5

1 Introdución 6

1.1. Marco normativo e estratéxico 7

1.2. Avances na humanización do embarazo, parto e nacemento 12

1.3. Xustificación e desenvolvemento da guía 14

2 Definicións 16

3 Obxectivos 17

4 Criterios de exclusión 18

5 Acompañamento da muller pola persoa da súa elección 19

5.1. Fundamentación 19

5.2. Recomendacións 21

6 Contacto pel con pel nai-filla/o 22

6.1. Fundamentación 22

6.2. Recomendacións 27

7 Implementación do acompañamento da muller e do contacto pel con pel nas cesáreas 28

Actividades que se deben realizar 30

Actividades que van realizar as xerencias das áreas sanitarias 31

Actividades durante o embarazo 33

Actividades antes da realización da cesárea 35

Actividades durante a realización da cesárea en quirófano 37

Actividades durante o posoperatorio inmediato tras a cesárea 39

8 Indicadores 41

9 Etapas da implantación da guía 42

10 Referencias bibliográficas 44

11 Outra bibliografía consultada 48

ABREVIATURAS

AP	Atención primaria
CDAW	*Convention on the Elimination of all Forms of Discrimination Against Women* (Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller)
CPP	Contacto pel con pel
FEA	Facultativa/o especialista de área
IBCLC	*International Board Certified Lactation Consultant* (Consultora de Lactación Certificada)
IHAN	Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e a Lactación
LM	Lactación materna
OMS	Organización Mundial da Saúde
ONU	Organización das Nacións Unidas
RN	Recentemente nada/o ou neonata/o
SNS	Sistema Nacional de Saúde
TCAE	Técnica/o en coidados auxiliares de enfermería
UNICEF	Fondo das Nacións Unidas para a Infancia

1 INTRODUCIÓN

Dentro do Sistema Nacional de Saúde (SNS), o parto é a **primeira causa de hospitalización en mulleres**, cun 14,3% das altas no 2018[1]. A maioría das mulleres que ingresan por parto son mulleres sas e van parir unha nena sa ou un neno san. Tras o parto, na maioría dos casos, as mulleres recupéranse e continúan o seguimento do puerperio coa matrona de atención primaria (AP) e o seguimento da súa filla ou do seu fillo coa/co pediatra e a/o enfermeira/o de pediatría de AP. A maior parte dos nacementos prodúcense mediante un parto vaxinal, pero existen situacións clínicas que fan necesario programar unha cesárea ou recorrer a esta intervención cirúrxica con carácter urxente.

Segundo os datos do Conxunto mínimo básico de datos (CMBD) do Servizo Galego de Saúde, no ano 2022, nos hospitais públicos de Galicia ingresaron 12.675 mulleres por parto. Un 60% tiveron un parto vaxinal eutócico, un 17% un parto vaxinal instrumentado e a un 23% practicóuselles unha cesárea.

1.1. Marco normativo e estratéxico

Un dos dereitos básicos das mulleres en materia de saúde reprodutiva é o dereito á información e a decidir libremente. Isto implica ofrecer ás mulleres alternativas baseadas na evidencia científica para que poidan tomar decisións informadas e de forma autónoma sobre o coidado que desexan recibir no proceso de embarazo, parto, puerperio e sobre os coidados que se deben proporcionar á/ao recentemente nada/o (en diante RN).

A "Convención sobre a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller" (CEDAW, polas súas siglas en inglés)[2] é un tratado internacional, aprobado en 1979 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, instituído o 3 de setembro de 1981 e ratificado polo Reino de España o 16 de decembro de 1983. A CEDAW é unha declaración internacional de dereitos para as mulleres e está considerada como o documento xurídico internacional máis importante na historia da loita sobre todas as formas de discriminación contra as mulleres.

Na lexislación española vixente, existen referencias á saúde sexual e reprodutiva, á igualdade de oportunidades e á protección contra a violencia cara ás mulleres. Entre outras:

- A *Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo*[3] modificada pola *Lei orgánica 1/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2010*[4]. O capítulo II do título III da nova Lei (1/2023), establece a protección e garantía dos dereitos sexuais e reprodutivos no ámbito xinecolóxico e obstétrico, a través de medidas como reforzar as prácticas relativas ao parto respectado e garantir a non separación innecesaria das/dos recentemente nadas/os das súas nais e outras persoas con vínculos directos con estas.

- A *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*[5].

Ademais, a *Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica*[6] e a *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*[7], recollen que é preciso informar de maneira completa, adecuada e actualizada a persoa afectada para que estea en condicións de tomar decisións sobre a súa saúde de forma libre e informada.



Por outra banda, existe un marco legal internacional que protexe especialmente ás nenas e aos nenos hospitalizadas/os, como é a *Convención sobre os Dereitos do Neno*[8], aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada polo Reino de España o 26 de xaneiro de 1990; a *Declaración dos Dereitos do neno*[9], tamén das Nacións Unidas, de 1959. A nivel europeo podemos sinalar a *Carta Europea do Neno Hospitalizado*[10] aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de maio de 1986.

No noso ordenamento xurídico, o artigo 39 da *Constitución española*[11] establece que "os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que salvagardan os seus dereitos". Así mesmo, a *Lei de protección xurídica do menor*[12], do 15 de xaneiro de 1996, establece, como principio reitor da actuación dos poderes públicos, a primacía do interese da/do menor sobre calquera outro interese lexítimo que puidese concorrer. En canto á lexislación autonómica, cómpre destacar o *artigo 7 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*[7], que establece os dereitos relacionados co acompañamento da/do paciente: dereito das persoas menores a estar acompañadas das súas nais e dos seus pais, titoras/es ou gardas legais.

Polo tanto, as nenas e os nenos recentemente nadas/os e as nenas e os nenos hospitalizadas/os teñen dereitos que se deben respectar e cumprir.

En Galicia, tanto o *Plan integral de atención sanitaria e social á muller*[13] do ano 1999 como O Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia[14], do ano 2007, comparten un mesmo obxectivo: dar resposta ás necesidades e problemas de saúde que aparecen ao longo do ciclo vital da muller, de forma integral e con perspectiva de xénero, promovendo a saúde física, mental e social de todas as mulleres de Galicia.

A *Estratexia de atención ao parto normal* no Sistema Nacional de Saúde[15] (ano 2007) ten como obxectivo asegurar unha atención de calidade durante o proceso de atención ao parto, mantendo os niveis de seguridade existentes, de maneira que todas as mulleres e as súas parellas, reciban a mellor atención sanitaria e participen activamente de maneira informada no proceso fisiolóxico no que só se debe intervir para corrixir as desviacións da normalidade. Todo isto, dentro dun clima de confianza, seguridade e intimidade, respectando a privacidade, dignidade e confidencialidade das mulleres.

A *Estratexia nacional de saúde sexual e reprodutiva*[16], aprobada polo Consello Interterritorial do SNS no 2011, ten como obxectivo principal, "ofrecer unha atención global, continuada, integral e de calidade ao proceso reprodutivo no SNS, baseada no mellor coñecemento dispoñible, centrada nas necesidades e circunstancias das persoas usuarias, e orientada a promover unha vivencia humana, íntima e satisfactoria para as mulleres, as súas parellas, bebés e familia".

A Xunta de Galicia leva anos poñendo en marcha diferentes liñas de actuación de cara a mellorar a accesibilidade, o trato e a calidade asistencial no Servizo Galego de Saúde, implementando políticas de humanización na organización. Exemplo desta política é que no ano 2019 se publicou a *Estratexia de Humanización da Asistencia Sanitaria*[17] do Servizo Galego de Saúde. Nela, dentro do *eixe estratéxico 2*: Procesos de atención integrais e centrados nas persoas, liña de "Proxectos de humanización específicos de áreas e procesos asistenciais sensibles"

a acción 4- *Proxecto de atención no embarazo e inicio da vida centrada na persoa*, insta as áreas sanitarias a constituír un grupo de traballo multidisciplinar que elabore unha estratexia de accións específicas que se van implantar nos centros, que recolla as directrices xerais da propia *Estratexia de Humanización* e aborde especificamente a atención ao parto normal.

Por último, a recente *Estratexia Galega de Saúde 2030. Construíndo a nosa saúde*[18] establece un modelo de prestación que se basea na centralidade da persoa con respecto á nosa sociedade plural, onde se promove e protexe a autonomía persoal e o respecto aos valores e preferencias de cada unha das persoas, e garantan a humanización no trato, incorporando a perspectiva de xénero a través de propostas e recomendacións de atención integral á saúde da muller.

O sistema sanitario debe incorporar a participación activa das xestantes na toma de decisións informadas na atención ao parto, para que sexan e se sintan protagonistas e responsables do seu parto.

Para isto, é preciso ofrecer coidados individualizados baseados nas necesidades de cada muller e RN, respectando as súas decisións, sempre que estas non comprometan a seguridade dela nin a da súa filla ou do seu fillo.

1.2. Avances na humanización do embarazo, parto e nacemento

A todas as mulleres embarazadas, o Servizo Galego de Saúde ofrécelles un modelo de **Plan de parto e nacemento**[19], que segue as recomendacións da *Estratexia de atención ao parto normal no Sistema Nacional de Saúde*[15]. Este plan de parto e nacemento é un documento a través do cal a muller embarazada pode manifestar por escrito os seus desexos, necesidades, preferencias e expectativas en relación co seu traballo de parto e co nacemento do seu bebé.

Tamén se lles ofrece a posibilidade de asistir a **sesións de grupo de educación sanitaria prenatal e posnatal coa matrona,** tanto durante o **embarazo** como no **puerperio.** Nas sesións, entre outros temas, proporciónase información sobre a atención ao embarazo, parto e puerperio, os tipos de parto, os coidados da nai e da/do recentemente nada/do, o acompañamento, o contacto pel con pel (CPP) precoz, o pinzamento do cordón, a lactación materna (LM), o vínculo e o apego seguro, a parentalidade positiva, a masaxe infantil, as habilidades técnicas de exercicios para mellorar a flexibilidade da pelve e do perineo, a respiración durante o traballo de parto, a relaxación etc.

Para que as mulleres se sintan seguras no momento do parto, é importante que poidan coñecer a contorna onde van parir e van estar ingresadas, xunto co seu fillo ou filla, tras o parto ou cesárea. Por iso, desde o Servizo Galego de Saúde, se lle ofrece á muller (e á persoa acompañante da súa elección) a posibilidade de realizar unha **visita prenatal presencial ás instalacións do hospital** onde vai parir, anticipando o percorrido a realizar o día que ingrese, ben sexa en traballo de parto ou para indución ou cesárea programada (admisión de urxencias, área de partos e hospitalización). Cando non sexa posible realizar visitas presenciais dalgunha das instalacións por estar estas

ocupadas por pacientes, poderase substituír por proxección de vídeos e fotos destas.

Nos últimos tempos, algunhas áreas sanitarias implantaron protocolos/procedementos na atención ao nacemento por cesárea. O que se pretende é estandarizar e normalizar o acompañamento da muller pola persoa da súa confianza -tanto en quirófano como durante a recuperación tras a cesárea-, evitar separacións innecesarias da díade nai-RN, fomentar e favorecer o CPP precoz, continuado e ininterrompido durante as primeiras horas vida, facilitar a recuperación da nai e da súa filla ou do seu fillo evitando privarlles das vantaxes para ambos deste CPP precoz, e tamén mellorar a satisfacción das mulleres e das familias.

1.3. Xustificación e desenvolvemento da guía

Tendo en conta todo este marco, e para garantir a equidade do acceso das mulleres, das/dos RN e as súas familias a unha atención humanizada durante o parto, nacemento e puerperio, o 5 de outubro de 2023, o Parlamento de Galicia aprobou, por unanimidade, dentro da Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego unha proposición non de lei que insta a Xunta de Galicia a que homoxeneíce en todas as áreas sanitarias o protocolo de atención aos nacementos por cesárea, para permitir o acompañamento e a humanización dos partos e nacementos.

Con ese fin, en decembro do mesmo ano, constituíuse un grupo de traballo multidisciplinar, con representación de todas as áreas sanitarias, para elaborar unha guía que homoxeneíce en todas as áreas sanitarias o protocolo de atención aos nacementos por cesárea, para permitir o acompañamento da muller pola persoa que ela decida e para posibilitar o CPP continuado coa/co RN, durante todo o proceso de atención ao nacemento e ao posparto, sen detrimento da seguridade da muller e da súa filla ou fillo e a excelencia na calidade da atención sanitaria ofrecida.

Para a elaboración deste documento realizouse unha revisión do coñecemento científico dispoñible en relación aos beneficios do acompañamento da muller e do CPP nai – RN, así como sobre a súa posta na práctica.

Ao longo do proceso de elaboración desta Guía de acompañamento da muller e CPP na cesárea, organizáronse dúas reunións do grupo do traballo para presentar o proxecto, explicar o procedemento de elaboración do documento, revisar o estado de coñecemento actual e acordar o texto definitivo. A continuación, a Guía enviouse para revisión externa ás xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego

de Saúde, ás sociedades científicas e ás asociacións de profesionais relacionadas coa atención á saúde sexual e reprodutiva da muller, así como ás asociacións de mulleres.

O documento final foi aprobado pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde e publicado na web do Servizo Galego de Saúde.

2 DEFINICIÓNS

Acompañamento da muller. Cando este documento fala de acompañamento da muller, fai referencia a estar acompañada durante todo o proceso asistencial por unha persoa da súa confianza, non se refire só á parella, se é o caso, se non que ten dereito a estar acompaña pola persoa que ela elixa.

Non se debe confundir este acompañamento co acompañamento profesional que proporcionan as distintas categorías profesionais que realizan coidados de saúde e que supervisan a saúde da nai e da/do RN durante o proceso de atención ao parto/nacemento e posparto.

Parto normal. O parto normal (OMS 1996) defínese como aquel de comezo espontáneo, de baixo risco desde o inicio do traballo de parto, ata a finalización do nacemento. A/O nena/o nace de forma espontánea, en presentación cefálica, entre as 37 e 41 semanas completas de idade xestacional.

Cesárea. A cesárea é un tipo de intervención cirúrxica que se realiza mediante unha incisión no abdome (laparotomía) e no útero da xestante, para extraer unha/un nena/o ou máis.

- **Cesárea programada/electiva.** É a que se realiza antes do inicio do parto, por razóns maternas, fetais ou ambas. As condicións obstétricas non aconsellan esperar ata o inicio do parto[20].
- **Cesárea urxente.** É a que se realiza ante circunstancias vitais ou accidentais tanto maternas como fetais e pode ser ante ou intraparto[20].

Contacto pel con pel precoz. Denomínase contacto pel con pel (CPP) precoz ao contacto íntimo pel con pel da/do RN coa súa nai, inmediatamente tras o parto de maneira ininterrompida, durante polo menos 70 minutos (ideal 120 minutos).

3 OBXECTIVOS

Obxectivo **xeral**

- **Homoxeneizar,** en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde, para aquelas mulleres que así o deciden:
  - **O acompañamento da muller** pola persoa de confianza que ela decida, durante o nacemento por cesárea.
  - **O CPP precoz e ininterrompido** nai-RN tras a cesárea, tanto en quirófano como durante a recuperación posterior á cesárea, antes do seu traslado conxunto á planta de hospitalización.

Obxectivos **específicos**

- Respectar o dereito da muller a estar acompañada pola persoa que ela decida durante o proceso de atención ao parto, tamén no caso da cesárea.
- Respectar o dereito da/do RN a estar en CPP precoz e ininterrompido coa súa nai tras o nacemento (tanto en quirófano como durante a recuperación posterior á cesárea) e evitar separacións innecesarias.
- Mellorar a satisfacción das mulleres en relación ao nacemento por cesárea.

4 CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Criterios de **exclusión do acompañamento**	Criterios de **exclusión do CPP**
• Anestesia xeral. • Cesáreas emerxentes(*). • Problemas relacionados coa anestesia; xestantes con vía aérea difícil, problemas anestésicos actuais ou en anteriores intervencións. • Condicións nas que o equipo médico (anestesioloxía, obstetricia ou neonatoloxía) non o considere conveniente por motivo clínico debidamente xustificado e deixando constancia na historia clínica.	• Anestesia xeral. • Inestabilidade materna ou da/do RN. • Rexeitamento materno ao CPP. • Condicións nas que o equipo médico (anestesioloxía, obstetricia ou neonatoloxía) non o considere conveniente por motivo clínico debidamente xustificado e deixando constancia na historia clínica.

(*) *Cesárea emerxente,* é aquela que se indica en situacións nas que existe un risco vital para a nai e/ou o feto (rotura uterina, prolapso de cordón umbilical, desprendemento prematuro de placenta normoinserta, placenta previa con hemorraxia que comprometa o estado hemodinámico da muller, embolia do líquido amniótico e risco de perda de benestar fetal).

5 ACOMPAÑAMENTO DA MULLER POLA PERSOA DA SÚA ELECCIÓN

5.1. Fundamentación

O acompañamento durante o traballo de parto forma parte da estratexia de humanización[15], polo que se debe facilitar o acompañamento da muller, pola persoa da súa elección, durante o proceso de atención ao parto e nacemento[21,22].

A participación da parella comporta humanizar o nacemento, favorecendo unha experiencia moi satisfactoria para a familia e reportando ademais beneficios fisiolóxicos[23].

A presenza dunha persoa de confianza elixida pola muller durante todo o proceso de parto e nacemento -nun ambiente que non é habitual como é o hospital-, reduce as necesidades de analxesia e o nivel de estrés, facilita o benestar emocional da muller, ten efectos preventivos, e axuda a ter unha experiencia máis satisfactoria do parto/cesárea e nacemento dunha filla ou dun fillo. Na medida do

posible, débese facilitar o acceso dunha persoa de confianza da muller, se ela así o desexa, durante a realización da cesárea en quirófano e na posterior recuperación no posparto inmediato[15].

O trato tranquilizador por parte da persoa acompañante reduce a ansiedade expresada durante o parto. Ademais, compartir esta experiencia coa parella, se é o caso, tamén lle permite a esta ser partícipe e testemuña do nacemento da súa filla ou do seu fillo.

A persoa acompañante pode colaborar durante o posparto inmediato na realización do CPP de maneira segura, axudando a nai e avisando a o persoal sanitario cando observe calquera signo de alarma na/no RN (cambios na respiración, no ton muscular, ou na cor da pel ou dos beizos). Polo tanto, previamente, debe ser informada destes signos de alarma para que os poida recoñecer[22].

5.2. Recomendacións

- Débese informar, tanto a muller como a persoa acompañante, dos beneficios do acompañamento por unha persoa da súa confianza durante a realización da cesárea e a recuperación poscirúrxica inmediata, respectando a decisión libre e informada da muller de estar ou non acompañada.
- No caso de que a muller decida estar acompañada:
  - Sempre que a situación clínica da nai e da/do RN o permitan, facilitar o acompañamento durante todo o proceso de atención, de modo ininterrompido (durante a intervención cirúrxica da cesárea e durante a recuperación inmediata posterior).
  - A persoa acompañante debe ser instruída/informada de como proceder durante a súa permanencia no quirófano e nas salas dedicadas á recuperación poscirúrxica, entendendo e aceptando que, en calquera momento, se lle pode solicitar a súa saída, no caso de que a situación clínica da nai ou da/do RN así o requiran.
  - Promover a comunicación individualizada para que as persoas acompañantes poidan expoñer os seus temores, inseguridades e expectativas.

6 CONTACTO PEL CON PEL NAI-FILLA/O

6.1. Fundamentación

A *Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e a Lactación* (IHAN), desenvolvida pola OMS e a UNICEF, recomenda que todas/os as/os RN teñan acceso ao CPP, coa súa nai, axiña despois do parto e despois dunha cesárea, tan pronto como a nai estea alerta e receptiva[21,22,24,25,26,27].

A implementación de políticas que promovan o contacto nai-RN beneficiará á nai e ao neonato[28].

Se a/o RN nace vigorosa/o e non precisa manobras de reanimación nin de aspiración de secrecións, **non hai impedimento para que realice o CPP coa súa nai**, sempre que a situación clínica desta o permita.

A/O RN, xusto despois do nacemento, presenta un período, chamado "sensible" de aproximadamente dúas horas, no que está nun estado de "alerta tranquila"[15]. Moitas/os RN iniciarán as condutas de busca e serán capaces de realizar a primeira toma ao peito no quirófano, e outras/os realizarana durante o período de recuperación tras a intervención cirúrxica da cesárea, nas primeiras horas de vida. Por iso é importante aproveitar o período de alerta tranquila para realizar a primeira toma ao peito[15,21,23].

A probabilidade de facer unha toma ao peito de forma espontánea é 8 veces maior cando se fan máis de 50 minutos de CPP, comparado cun tempo inferior a 50 minutos[21,29].

O posparto inmediato é un período de extrema importancia para o desenvolvemento do vínculo afectivo nai-RN, independentemente do tipo de alimentación da/do nena/o. Durante este período prodúcese o inicio espontáneo da LM. As rutinas das e dos profesionais da saúde deben adaptarse para non perturbar o CPP[21,22,24,30,31], e facilitar que a/o RN desenvolva os distintos comportamentos naturais (o pranto do nacemento, a relaxación, o espertar, a actividade, o desprazamento sobre o corpo da nai, o descanso, a familiarización, a succión e o sono)[21,24,30,31].

Os estudos controlados aleatorios suxiren que o corpo da nai é o hábitat natural para a/o RN espida/o[32, 33,34].

Estas primeiras horas despois do nacemento tamén son un período crítico para o desenvolvemento da conduta de apego[35,36]. A interacción posparto nai-RN modifica os niveis de oxitocina tanto no cerebro da nai como no da/do RN[37]. Polo tanto, a privación tras o nacemento de estímulos físicos e táctiles proporcionados pola nai, pode ter posibles consecuencias a longo prazo para a/o RN[38].

Non está xustificado separar a/o RN para administrarlle a vitamina K de forma profiláctica para previr hemorraxias[39] nin para a profilaxe ocular para evitar a oftalmía neonatal[21]. Estes, e outros procedementos como pesar e medir, realizaranse despois de transcorridas dúas horas tras o nacemento para respectar o tempo recomendado do CPP[21].

En centros nos que se implementou o CPP inmediato, observouse que as nais tiñan menos problemas para aleitar durante a súa estadía no hospital[40].

Os efectos positivos do CPP nai-RN son extrapolables ás/aos RN por cesárea[15,22,27]. Coa colaboración adecuada de todo o persoal, pódese implementar o CPP durante a cesárea[22,27].

Hung e Berg (2011)[41] e Crenshaw et al (2012)[42] compararon datos de CPP antes e despois da posta en marcha dun programa de implementación de CPP en cesáreas[41]. Hung e Berg (2011) informaron que as taxas de CPP en quirófano, dentro dos 30 minutos posteriores á cesárea, aumentaron de cero por mes ata o 45 % aos tres meses e ata o 60 % aos nove meses da implementación do programa[41]. As resistencias iniciais do persoal por medo ao cambio vencéronse grazas á formación de todo o persoal[41].

6.1.1. Vantaxes do CPP

O CPP axuda a manter a termorregulación da/do RN e os niveis de glicosa en sangue, diminúe o risco de ictericia, reduce o estrés do nacemento, fomenta o vínculo entre a nai e a/o RN, favorece unha maior taxa de inicio e duración da LM[15,43,44], facilita o desenvolvemento[45] e a diversidade[46] da microbiota infantil e axuda tamén a axustar o equilibrio ácido-base e a respiración[33,36,47].

Non se coñecen efectos negativos do CPP[48]. En ningunha metanálise, revisión, nin ensaio clínico se puxeron de manifesto efectos non desexables do CPP[21].

O CPP inmediato tras a cesárea fai máis probable iniciar precozmente a LM, aumenta a probabilidade de inicio da LM máis temperá e a taxa de LM exclusiva á alta. As nais que tiveron CPP coas súas fillas ou cos seus fillos, manifestaron que estaban satisfeitas coa atención recibida, e que lles axudou a ter unha vivencia do parto positiva e a establecer o vínculo[49].

Nas/nos RN que permanecen en CPP observouse que o agarre ao peito materno se fai nunha posición correcta en maior proporción que nas/nos separadas/os das súas nais. Tamén se viu que as/os RN que estiveron en CPP nada máis nacer, recoñecen máis precozmente e se orientan mellor cara ao peito da súa nai, que as/os que foron separadas/os e non se mantiveron en CPP[21,22].

A exposición á dor de forma temperá, repetida e prolongada, pode contribuír á aparición de alteracións no desenvolvemento cognitivo e na aprendizaxe. Polo tanto, co fin de reducir a dor ou evitar molestias durante a realización de procedementos invasivos ou molestos, débese utilizar un método de analxesia non farmacolóxica, como o CPP, o aleitamento, estar nos brazos da súa nai ou, se o anterior non é posible, administrarlle unha solución de sacarosa, costro...

O CPP inmediato e precoz tamén ten beneficios para a nai, contribuíndo á liberación de oxitocina endóxena, o que favorece a contractilidade e a involución uterina, previndo a hemorraxia posparto. A oxitocina tamén favorece o recoñecemento materno, o establecemento de vínculos afectivos e a LM[15,21,43].

O CPP pode reducir a dor materna, mellorar o contacto e a comunicación entre a nai e a/o RN e mantelos fisioloxicamente estables. Tamén se

amosou menos dor por ingurxitación mamaria e un menor grao de ansiedade nas nais que practicaron CPP[21,22].

Se o estado de saúde da nai lle impide estar en CPP coa súa filla ou co seu fillo, o CPP coa persoa acompañante é unha opción que pode ser beneficiosa para ambas/os. Nestes casos viuse que as/os RN choraron menos, mantivéronse máis calmadas/os e adquiriron un comportamento máis organizado de forma máis precoz[21].

O CPP no quirófano ten tamén o potencial de mellorar os resultados da LM e a satisfacción materna. Entre os beneficios desta práctica en RN a termo sas/sans demostrouse unha maior frecuencia e duración da LM e tamén parece ter un efecto beneficioso no proceso de vinculación, na diminución do tempo de pranto, na regulación da temperatura corporal, no descenso do consumo enerxético mantendo os seus niveis de glicosa, facilitando a adaptación metabólica, a estabilidade cardiorrespiratoria, en definitiva, favorecendo unha mellor adaptación á vida extrauterina[27,43].

Tendo en conta os beneficios do CPP, as recomendacións actuais e os efectos que produce a separación, é necesario tomar as medidas necesarias para poñer en marcha estratexias que permitan a posta en práctica do CPP no caso de nacemento por cesárea, ao igual que no caso dos nacementos por vía vaxinal.

6.2. Recomendacións

- En nenas/os nacidas/os por cesárea, recoméndase realizar o CPP inmediato tras o nacemento, sempre que a situación da/do RN e da nai o permita.
- Os coidados á/ao RN sa/san poden realizarse sobre o peito da nai.
- Permitir e fomentar o CPP inmediatamente despois do nacemento, durante 70-120 minutos facilitando así tamén o inicio da lactación. Tamén se recomenda implementalo en calquera momento posterior e pode brindarse por calquera período de tempo.
- Pospoñer as prácticas profilácticas de rutina posparto á/ao RN, podendo aproveitar o momento da realización da revisión puerperal da díade nai-RN ou xa na planta de hospitalización e realizalas en CPP coa nai, acompañada pola persoa da súa elección.
- Durante as dúas primeiras horas de vida da/do RN, asegurarse de que as nais teñan unha persoa acompañante durante todo o período do posparto inmediato de maneira que a/o RN sexa observado atentamente pola persoa acompañante debidamente informada e por unha/un profesional coa debida formación.
- Para poder iniciar o CPP intraquirófano, todo o persoal implicado no proceso debe colaborar para favorecer que a nai e a/o RN permanezan xuntas/os, tamén durante a recuperación posterior á cesárea nas salas de recuperación poscirúrxica.
- Evitar separacións innecesarias nai-RN, potenciando a cohabitación e favorecendo o coleito seguro (idealmente en berces tipo sidecar).

7 IMPLEMENTACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO DA MULLER E DO CONTACTO PEL CON PEL NAS CESÁREAS

- A presenza dunha persoa de confianza durante todo o proceso de parto e nacemento reduce a necesidade de analxesia e o nivel de estrés, facilita o benestar emocional da muller, ten efectos preventivos e axuda a ter unha experiencia máis satisfactoria do parto/cesárea e nacemento dunha filla ou dun fillo.
- En caso de cesárea, sempre que as condicións clínicas da nai e da/do RN non o impidan, débese facilitar o acompañamento da muller e non separar á/ao RN da súa nai, facilitando o CPP precoz e continuado durante as primeiras horas de vida.
- O CPP nai-RN:
  - favorece o proceso de vinculación e unha mellor adaptación da/do RN á vida extrauterina
  - favorece que a nai e a/o RN se manteñan fisioloxicamente estables
  - aumenta a frecuencia e duración da LM
  - reduce a dor/ansiedade da nai
- O CPP das nais e dos pais, coas súas fillas ou cos seus fillos, favorece a interacción vocal.

A implementación nas áreas sanitarias do acompañamento da muller e do CPP nas cesáreas, ten que encadrarse no marco estratéxico, conceptual e normativo, definido na introdución deste documento.

Neste apartado da guía descríbense as actividades que se deben realizar nos nacementos por cesárea, para a implementación nos hospitais do Servizo Galego de Saúde do acompañamento da muller, evitando separacións innecesarias da/do RN e favorecendo o CPP precoz e continuado.

As actividades que se describen a continuación son as básicas que se deben realizar en todas as áreas sanitarias/ distritos sanitarios, que se adaptarán en función das características de cada centro hospitalario.

ACTIVIDADES QUE SE DEBEN REALIZAR

- **Polas xerencias das áreas sanitarias**
- **Durante o embarazo**
- **Antes da realización da cesárea**
- **Durante a realización da cesárea en quirófano**
- **Durante o posoperatorio inmediato tras a cesárea**

Actividades que van realizar **as xerencias das áreas sanitarias**

- **Redactar/actualizar o(s) protocolo(s) de atención ao nacemento** de cada distrito sanitario, incluíndo o acompañamento da muller e o CPP no caso de cesárea.

    - O protocolo **debe seguir as recomendacións incluídas neste documento** que pola súa vez se sustentan nas recomendacións científicas actuais e de organismos como a OMS, ONU, Parlamento Europeo, Ministerio de Sanidade, IHAN, Servizo Galego de Saúde, etc.

    - O protocolo **elaborarase de forma colaborativa** por profesionais da saúde que desenvolven o seu traballo no ámbito da saúde sexual e reprodutiva das mulleres, incluíndo no grupo de traballo a persoal do equipo directivo da área sanitaria; obstetras; pediatras/neonatólogas/os; anestesiólogas/os; matronas/matróns; enfermeiras/os pediátricas/os; enfermeiras/os, TCAE e celadoras/es de quirófano e das salas adicadas á recuperación poscirúrxica.

    - O protocolo **debe establecer as responsabilidades de cada categoría profesional e as accións** que dependen de cada unha delas, en coherencia coas competencias profesionais e coas funcións atribuídas a cada categoría profesional, así como cos coñecementos e a experiencia das persoas implicadas.

- **Formación** das/dos profesionais implicadas/os na atención ao **embarazo, parto e puerperio,** afondando na fisioloxía do parto e puerperio, dende un enfoque de xénero e tendo en conta que se trata dunha atención hospitalaria a un proceso de saúde, non de enfermidade. Na formación darase prioridade as/os profesionais implicadas/os na atención á muller durante a cesárea e a recuperación no posparto inmediato.

